

Xerais vén de publicar o XII Premio de Novela por Entregas "La Voz de Galicia. Leva por título *A punta de pistola* e o seu autor é o escritor, xornalista e editor Fran Alonso (Vigo, 1963). Xa afeito a obter galardóns importantes no eido da literatura (o Blanco Amor, o Losada Diéguez...), Alonso decántase, desta vez, pola historia de dous personaxes marxinais que levan ao lector a reflexionar sobre a desestruturación que afecta a tantas familias na actualidade.

A novela ten 31 capítulos breves de exacta extensión. Neles nárrese a fuxida do Varas e Rica, unha parella que se adica ao furtivismo e ao tráfico de estupefacientes a pequena escala, con moitos pro-



blemas e cunha vida insá, que non soporta ter aos

# Con ritmo enérxico

## Acción, cinema e reflexión

LAURA BLANCO CASÁS

seus fillos, Pixie e Dixie, baixo a tutela dos servizos sociais. Nun comezo trepidante in medias res, os pequenos son secuestrados a punta de pistola polos seus proxenitores, comezando unha axitada fuxida por Vigo e arredores que non se detén até as últimas liñas da obra.

O relato principal alterna, porén, con esoutro dunha camio- neira culta, emprende-

dora e blogueira, grande admiradora da fistería Celia Rivas, a primeira muller en conducir un camión en España (1932). Sorprendente resulta, desde logo, o momento en que as dúas tramas se entrecruzan.

O ritmo enérxico fai que o lector se enganche dende o primeiro momento a unha historia con retallos cinematográficos; con todo, o realmente importante vén ser a reflexión que o texto -baseado en feitos reais- suscita arredor da marxinalidade e mais sobre a desestruturación familiar (ao cabo, os pequenos son vítimas de carencias educacionais que obrigan a actuar aos servizos sociais).

ALONSO, Fran, *A punta de pistola*, Ed. Xerais, Vigo, 2012, PVP. 11,35 €